

SEGURIDADE NO POSTO DE TRABAJO

O posto de traballo de cada persoa é un lugar susceptible de albergar todo tipo de **información** relacionada coas tarefas laborais que se desempeñan.

Esta información pode ter distintos niveis de **confidencialidade**, polo que é necesario **protexela sempre** de olladas non autorizadas.

Para facer máis seguro o teu entorno de traballo podes seguir estas recomendacións:



Evita, na medida do posible, deixar exposta información sensible ou con datos persoais cando o teu posto de traballo queda desatendido: cando manexes documentos en papel, se te ausentas do posto e aínda que vaías seguir traballando con eles noutro momento, é recomendable gardalos en sitio seguro.



No momento en que un documento deixa de ser necesario no posto de traballo é unha boa práctica levalo **ao seu lugar de arquivo**.



Lembra que os **contrasinais** de acceso aos sistemas de información **non deben apuntarse en papel**.



As **pantallas dos ordenadores** poden amosar información do traballo: Sempre que sexa posible, a pantalla do teu ordenador debe estar orientada de modo que o contido da mesma non poida verse desde unha zona de paso pública, a través de cámaras de seguridade ou desde o exterior das instalacións.



Bloquea o teu equipo cada vez que te ausentes para evitar accesos non autorizados.

Calquera dúbida sobre estes procedementos debe ser exposta ao persoal responsable, e calquera incidente relacionado co posto de traballo debe ser notificado.

Lembra que podes atopar máis información e consellos sobre ciberseguridade e protección de datos no portal ciberseguridadegalicia.gal